

SERVIZO DE PEDIATRÍA DO CHUP

DOCUMENTACIÓN ASOCIADA

Guía para
procedementos
pediátricos con
anestesia

PRESENTACIÓN DO SERVIZO

O noso obxectivo principal é velar pola saúde integral dos nenos e parécenos importante establecer vías de comunicación que, como esta páxina web, permitan que os nosos pacientes e os seus coidadores nos coñezan e se lles facilite participar cos seus comentarios e achegas no noso afán de mellora continua.

Esta web, ademais de ser unha fonte de información para a poboación en xeral, pretende tamén potenciar o contacto cos diferentes profesionais que traballamos no ámbito da pediatría hospitalaria e/ou ambulatoria.

EQUIPO HUMANO

Xefe de Servizo:

Couceiro Gianzo, José Antonio

Neonatoloxía

- Martínez Fernández, María Ángeles
- Crespo Suárez, Pilar Adelaida
- Martínez Lorenzo, Raquel
- Espiño Lorenzo, Pilar

Plantas de hospitalización

- Pavón Freire, Aurora de Fátima
- Bao do Corral, Alfonso Luis
- Martín Morales, Manuel
- González Alonso, Natalia
- Busto Cuiña, María de las Mercedes
- Alonso García, Laura

Hospital de día pediátrico

- Muñiz Lorenzo, María Isabel
- García Barreiro, María del Carmen

Consultas externas

- Cardiología Pediátrica
 - Herrero Hermida, Javier
- Neonatoloxía
 - Martínez Fernández, María Ángeles
 - Crespo Suárez, Pilar
 - Martínez Lorenzo, Raquel
- Neuroloxía Pediátrica
 - Freire Bruno, José.

LOCALIZACIÓN E CONTACTO

O Servizo de Pediatría está situado no edificio do Hospital Provincial de Pontevedra. Desenvolve o seu labor en estreita colaboración con practicamente todas as especialidades médicas do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra e especialmente cos servizos de Obstetricia e Xinecoloxía e Urgencias. Contribúe, ademais, á atención pediátrica da poboación de referencia do Hospital Público do Salnés e o seu servizo correspondente.

Pode contactar co servizo a través da enderezo electrónico
pediatriapontevedra@gmail.com

CARTEIRA DE SERVIZOS

A nosa carteira de servizos céntrase en diferentes áreas asistenciais: Salas de Partos, Maternidade/Perinatoloxía, Unidade de Neonatoloxía e Coidados Intensivos Neonatais, plantas de hospitalización, Hospital de día pediátrico e consultas externas.

Nas consultas externas desenvólvese a atención de 10 áreas específicas ou subespecialidades pediátricas: Alergoloxía, Cardioloxía, Endocrinoloxía e Diabetes, Gastroenteroloxía e Nutrición, Xeral/Crónico Complexos, Infectoloxía e Inmunodeficiencias, Nefroloxía, Neonatoloxía, Neuroloxía e Reumatoloxía.

ACTIVIDADE CIENTÍFICA

Ademais dunha descrición da actividade asistencial, achéganse *links* á actividade científica e docente que leva a cabo, tanto no período de pre e posgrao como na formación de médicos internos residentes da especialidade de Pediatría e as súas áreas específicas (MIR) en formación.

Os médicos que planean vir formarse connosco na especialidade de Pediatría e as súas áreas específicas teñen á súa disposición a Guía do residente, que lles permitirá coñecer o que ofrecemos.

Guía para procedementos pediátricos con anestesia 

